

AUTORAS E AUTORES DE CUMIEIRA, vol. 8 (2023)

IRIA DOMÍNGUEZ MÁRQUEZ

Nacida en 1998 en Peitieiros (Gondomar, Pontevedra), graduouse en 2021 na Universidade de Vigo no grao de Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios, coa mención en «Filoloxía Galega». Actualmente complementa a súa formación académica co Mestrado de Profesorado en Educación Secundaria e Bacharelato, seguindo a especialidade de «Linguas e literaturas oficiais».

SIMON MOLL

Nacido en 1997 en Erkelenz (Alemaña), graduouse en 2022 na Johannes Gutenberg-Universität Mainz no grao de Filoloxía Española e Portuguesa. Durante os seus estudos, pasou un semestre no estranxeiro na Universidade de Vigo en 2021. No ano 2022 comezou a cursar na Freie Universität Berlin o Mestrado de Lingüística.

ESTEFANÍA LÓPEZ TANOIRA

Naceu en 1995 en Cuntis (Pontevedra) e graduouse en 2021 na Universidade de Vigo no grao de Educación Infantil, coa mención en «Afondamento Curricular». Previamente, entre os anos 2015 e 2017, cursou o Ciclo Superior de Técnica en Educación Infantil no CFP A Xunqueira. Actualmente compatibiliza o seu traballo como mestra nun programa de conciliación coa preparación de oposicións a mestra de Educación Infantil e séguese formando en todo o relativo ao seu campo profesional.

LUCÍA SALCEDA GARCÍA

Nacida en 1999 en Muradás (Beariz, Ourense), graduouse en 2021 na Universidade de Vigo no grao de Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios, coa mención en «Filoloxía galega». No 2021-2022 cursou na mesma universidade o Mestrado de Profesorado en Educación Secundaria e Bacharelato, seguindo a especialidade de «Linguas e literaturas oficiais». Actualmente é lectora de galego no Centro de Estudos Galegos da Universidade do Algarve (Portugal).